

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (ÁREA SANITARIA DE VIGO) E A FUNDACIÓN MENIÑOS PARA A CESIÓN DE USO DUNHA SALA NO CENTRO DE SAÚDE SAN PAIO DE NAVIA (VIGO) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN PRENATAL E PERINATAL PARA NAIS EN DIFICULTADE SOCIAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA QUE:**

O Servizo Galego de Saúde (Área Sanitaria de Vigo) formalizou o 26.01.2022 o convenio arriba referido coa Fundación Meniños, por un período de vixencia dun ano, a contar dende o día seguinte da súa sinatura.

Non obstante, as partes de mutuo acordo, poderán acordar a prórroga por unha única anualidade conforme ao disposto no artigo 37 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da comunidade autónoma de Galicia, mediante a formalización do correspondente acordo de prórroga, que deberá ser subscrito con anterioridade á data de vencemento do convenio.

O instrumento convencional ten por obxecto a cesión a título gratuito e en concepto de precario do dereito de uso dunha sala no Centro de Saúde San Paio de Navia (localizado en Poza Cabalo, s/n, Vigo) á Fundación Meniños para a continuación do programa de atención prenatal e perinatal para nais en dificultade social na Área Sanitaria de Vigo, coa finalidade de diminuír as situacións de risco, que afecten á infancia e ás súas familias, sendo esta unha actividade sen ánimo de lucro que persegue satisfacer fins públicos e non resulta contraditoria coa afectación do inmovble.

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, protexer e tutelar as persoas menores en situación de risco ou desamparo.

O artigo 17.9 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do código Civil e da Lei de Axuízamento Civil, indica que a administración pública competente para intervir na situación de risco adoptará, en colaboración cos servizos de saúde correspondentes, as medidas adecuadas de prevención, intervención e seguimento, das situacións de posible risco prenatal, para os efectos de evitar con posterioridade unha eventual declaración de situación de risco ou desamparo do recentemente nado. A tales efectos, entenderase por situación de risco prenatal a falta de coidado físico da muller xestante ou o consumo abusivo de substancias con potencial aditivo, así como calquera outra acción propia da muller ou de terceiros tolerada por esta, que prexudique o normal desenvolvemento ou poida provocar enfermidades ou anomalías físicas, mentais ou sensoriais ao recen nado. Tras o nacemento manterase a intervención co menor e a súa unidade familiar

para que, de ser necesario, se declare a situación de risco ou desamparo do menor para a súa axeitada protección.

Por estes motivos, desde xaneiro de 2017, a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica asinou un convenio de colaboración coa Fundación Meniños para desenvolver o Programa de atención prenatal e perinatal para nais en dificultade social. Trátase dun programa de apoio ás nais que se atopan en situación de risco co fin de evitar unha tutela posterior do neno ou nena. Comezou en Santiago de Compostela e posteriormente pasou a desenvolverse en Vigo.

Para o desenvolvemento deste programa en Vigo foi necesaria a colaboración do Servizo Galego de Saúde, en concreto, da Área Sanitaria de Vigo na detección das nais en risco social e para propiciar espazos onde se levasen a cabo as actividades.

No ano 2020 asinouse un convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Meniños co mesmo obxecto do convenio agora formalizado.

1

O 14 de xaneiro de 2021 asinouse unha prorroga do convenio por unha anualidade, prórroga que terá a súa finalización o 15 de xaneiro de 2022.

Dada a necesidade de continuar co desenvolvemento do programa de atención prenatal e perinatal para nais en dificultade social na Área Sanitaria de Vigo, e ante a imposibilidade de prorrogar de novo o convenio asinado no 2020, segundo o artigo 37 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da comunidade autónoma de Galicia, acórdase formalizar un novo convenio para continuar coa cesión de uso.

Os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

